

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2019/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de outubro de 2019
Duración	Desde as 20:00 ata as 21:45 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MÍRIAM NAVEIRA DONO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ



78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN: «INCORPÓRASE ÁS 20:25»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre



os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A o Pleno da Corporación, previa lectura, trala correspondente deliberación e por unanimidade dos presentes, acorda a aprobación da acta da sesión ordinaria anterior, celebrada con data do 26 de setembro de 2019;

A continuación, o Pleno da Corporación, previa lectura, unha vez aclarado por Alcaldía e Secretaría que no punto relativo á modificación do crédito para as inversións financeiramente sostibles se vai a plasmar tanto o acordo inicial (nos termos nos que figuraba na proposta da Alcaldía inicial) como o emendado no seo do órgano plenario, trala correspondente deliberación e por unanimidade dos presentes, acorda a aprobación da acta da sesión extraordinaria celebrada con data do 22 de outubro de 2019.

2.- DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓNNS DA ALCALDÍA.

3.- Expediente 515/2018. Procedemento de Contratación.

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



DEBATE

Introduce o punto o Alcalde facendo referencia a que se trata dun servizo moi intenso, con moitas horas ó ano, e tráese aquí a adxudicación á empresa que figura no expediente.

A Sra. Molinos fai referencia á satisfacción por ter reducido durante o ano anterior a lista de agarda do SAF, e adianta o voto a favor, xa que simplemente é pórllle fin a un procedemento que xa se iniciou estando eles no goberno.

E por último a representante do BNG tamén adianta o voto a favor, iso si, pregunta si se pode barallar algún tipo de ampliación do servizo, ó que lle contesta o Alcalde que o SAF é un servizo taxado pola Xunta, pero sí se prevé neste contrato que si se conceden máis horas este poida ser modificado e poderán prestarse.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor;

PP: 5 votos a favor;

BNG: 2 votos a favor;

GRUPO MIXTO-PSOE: ausencia (abstención).



En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

PRIMERO.- Características de la licitación:

LICITACIÓN SERVICIOS DE AYUDA EN EL HOGAR.

CONTRATO DE SERVICIOS SUJETO A REGULACIÓN ARMONIZADA.

Procedimiento: Abierto	Tramitación: URGENTE	Tipo de contrato: Servicios	
Clasificación CPV: 85312400	Acepta renovación: Sí (2 PRÓRROGAS, POR 1 AÑO CADA UNA)	Revisión de precios: No	Acepta variantes: No
Presupuesto base de licitación: 420.099,83 €	Impuestos: 4%	Valor estimado do contrato: 1.815.162 €	
Duración ejecución: 24 meses Duración máxima: 4 AÑOS			
Garantía provisional: NO	Garantía definitiva: Sí	Garantía complementaria: No	

SEGUNDO. Expediente de contratación tramitado:

Documento	Fecha	Observaciones
Memoria de Alcaldía justificativa de la contratación.	09/04/2019	- Se justifica la no adjudicación por lotes. - Se informa a cerca de la insuficiencia de medios propios.



		<p>- Se justifica la elección del procedimiento.</p> <p>- Se alude a la estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera del Ayuntamiento.</p>
Informe de Secretaría	10/04/2019	Legislación y procedimiento
Certificado existencia de crédito/recursos ordinarios	16/04/2019	
Pliego prescripciones técnicas	SI	Conformes a las previsiones de la LCSP para el procedimiento abierto.
Pliego de cláusulas administrativas	SI	<p>EXTREMOS DESTACABLES:</p> <p>- Tramitación urgente del expediente (arts. 223-225 TRLCSP).</p> <p>- Presentación electrónica de ofertas, por el plazo de 30 días (reduciendo en 5 días el general, art. 156.2 c) LCSP).</p> <p>- Mejoras: cumplen con las especificaciones del art. 144.7 LCSP. Conformes a las previsiones de la LCSP para el procedimiento abierto.</p>
Informe propuesta Secretaría	16/04/2019	Favorable
Informe de fiscalización previa	24/04/2019	Favorable
Acuerdo del órgano de contratación (competencias delegadas en la Junta de Gobierno Local)	26/04/2019	-
Anuncio de licitación en el perfil de contratante	15/05/2019	-
Anuncio de licitación en el <i>DOUE</i>	15/05/2019	-
Acta de la mesa de contratación de apertura de Sobres «A y B»	23/10/2019	-
Requerimiento al licitador: “SON A TÚA AXUDA”	Varios requerimientos	<p>No acredita solvencia. EXCLUÍDO.</p> <p>No se retiene garantía.</p> <p>Figuran en el expediente informe justificativo y acta de la mesa de contratación.</p>



Requerimiento al licitador: "ULLASAR"	12/09/2019	Atendido en tiempo y forma.
Requerimiento de subsanación	03/10/2019	Atendida en tiempo y forma, el 8 de 10 de 2019 (sello de tiempo de la Plataforma de contratación del Estado).
Informe-Propuesta de Secretaría	23/10/2019	Favorable
Informe Fiscalización Fase D	23/10/2019	Favorable

De conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, el Pleno de la Corporación, tras el correspondiente debate y por unanimidad de los presentes, procede a la adopción del siguiente

ACUERDO

PRIMERO. Adjudicar el contrato de Servicio DE AYUDA EN EL HOGAR-CONTRATO DE SERVICIOS SUJETO A REGULACIÓN ARMONIZADA, en las condiciones que figuran en su oferta y las que se detallan en los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas a la mercantil "ULLASAR".



SEGUNDO. Disponer el gasto correspondiente en caso de conformidad del informe de fiscalización que se emita por la Intervención.

CUARTO. Dar cuenta de la presente Resolución a Intervención y a Tesorería a los efectos de practicar las anotaciones contables que procedan.

QUINTO. Publicar anuncio de adjudicación en el perfil de contratante en plazo de 15 días.

SEXTO. Designar como responsable del contrato a BERTA BUJÁN CASANOVA, Coordinadora de los Servicios Sociales del Ayuntamiento.

SÉPTIMO. Notificar la adjudicación a los licitadores que no han resultado adjudicatarios y autorizar la devolución de la garantía por ellos prestada.

OCTAVO. Notificar a la empresa “ULLASAR”, adjudicataria del contrato, el presente acuerdo y citarle para la firma del contrato, que deberá tener lugar dentro de los 15 días hábiles a contar desde la notificación de la adjudicación a los licitadores y candidatos

NOVENO. Publicar anuncio de formalización del contrato en el Perfil de contratante en plazo no superior a quince días tras la perfección



del contrato y con el contenido contemplado en el anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

DÉCIMO. Publicar anuncio de formalización del contrato en el «Diario Oficial de la Unión Europea» a más tardar 10 días después de la formalización del contrato.

UNDÉCIMO. Comunicar al Registro de Contratos del Sector Público los datos básicos del contrato incluyendo la identidad del adjudicatario, el importe de adjudicación, junto con el desglose correspondiente del Impuesto sobre el Valor Añadido.

DUODÉCIMO. Remitir al Consello de Contas una copia certificada del documento en el que se hubiere formalizado el contrato, acompañada de un extracto del expediente en que se derive. Todo ello, dentro de los tres meses siguientes a la formalización del contrato.

4.- Expediente 971/2019. Modificación de Crédito. Inversión financeiramente sostibles.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

DEBATE

Introduce o Alcalde este punto para facer referencia a que se trata de aprobar os créditos que non se aprobaron no Pleno



extraordinario da semana pasada, referidos a dous investimentos na contorna da praia de Broña (autocaravanas e sendas peonís), aclarando novamente que se trata de liberar o crédito para financiar ditas actuacións, non de aprobar os proxectos para levar a cabo as mesmas. E tráese esta modificación asumindo un compromiso, que é a convocatoria da Comisión de Servizos para o seguimento por todos os grupos municipais dos proxectos que se aprobarán no seu momento, polo que estes solo poderán ser aprobados se contan co ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos.

Toma a palabra a voceira do grupo popular, para facer referencia a que no Pleno anterior non se votou favorablemente a modificación de crédito para IFS porque os proxectos que ían asociados a elas presentaban moitas inconcrecións, pero nesta ocasión, co compromiso da convocatoria da Comisión de Servizos para o seu seguimento, o voto será a abstención, atendida a demanda do seu partido, coa vontade de non bloquear o expediente pero á espera de postularse en relación co contido corrixido dos proxectos.

De seguido intervén a Sra. María Xosé Castro, que aclara que coñece perfectamente o procedemento de modificación de crédito para IFS, pero non votaron anteriormente a favor porque non permitirían un "cheque en branco"; e agora tráense os mesmos proxectos que, a pesar dese compromiso de convocatoria da comisión de seguimento, serán aprobados nun órgano que non será o Pleno da Corporación. A máis, seguen, desde o BNG sen entender a urxencia desta actuación, sen saber se se conta cun estudio do técnico de turismo de si ese parking de caravanas vai a ser necesario...etc.

Toma a palabra o Alcalde novamente, reiterando que os proxectos si que son os mesmos, pero agora non se están aprobando, e son os mesmos pola premura da convocatoria entre o Pleno extraordinario e este ordinario, pero os proxectos asociados á modificación de crédito por suposto que son totalmente modificables. E a urxencia vén de que se non se aproba o gasto antes de final de ano, non pode empregarse o superávit do ano 2018.

VOTACIÓN

Finalizado o debate, prodúcese a votación, co seguinte resultado:



CO: 5 votos a favor;

PP: 5 abstencións;

BNG: 2 votos en contra;

GRUPO MIXTO-PSOE: ausencia (abstención).

En consecuencia, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación, con 5 votos a favor, 6 abstencións e 2 votos en contra, procede á adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 971/2019, do Orzamento en vigor, na modalidade de Crédito extraordinario 1/2019 bis pola cantidade de 211.893,21 € para a aplicación do superávit orzamentario de 2018 a financiar os investimentos que de seguido se indican, que se declaran financeiramente sustentables.

O resumo das aplicacións orzamentarias de gastos ás que se destinará o superávit orzamentario, así como o recurso que financia, que é o remanente de tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, será o seguinte:

APLICACIÓNS DE GASTOS

Aplicación		Descripción	Créditos iniciais	Modificación s de crédito anteriores	IFS	Modificación s de crédito presente expte	Créditos
Progr.	Económica						finais
1532	60900	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos	0,00 €	23.065,62 €	Senda peonil para seguridade vial de cruce de praia de	148.709,33 €	171.774,95 €



		novos en infraestruturas e bens destinados a uso xeral			Broña a entrada Tavilo		
TOTAL 1532.60900			0,00 €	23.065,62 €		148.709,33 €	171.774,95 €
432	62900	Información e promoción turística. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos	0,00 €	0,00 €	Aparcadoiro autocaravanas e aseos en Broña	63.183,88 €	63.183,88 €
TOTAL 432.62900			0,00 €	0,00 €		63.183,88 €	63.183,88 €
		TOTAL	0,00 €	23.065,62 €		211.893,21 €	234.958,83 €

APLICACIONES DE INGRESOS

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se



presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

5.- Expediente 960/2019. Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

DEBATE

Comeza o Alcalde facendo referencia a que con esta modificación se adapta a ordenanza existente os cambios normativos producidos nos últimos anos (principalmente, distinción licenzas - comunicación previa) e, por outra parte, introducir un novo apartado cun novo gravame dun 4%, tipo máximo, para determinadas actuacións.

A continuación D^a Beatriz amosa conformidade coa modificación, como tamén o fai D^a María Xosé.

VOTACIÓN

CO: 5 votos a favor;

PP: 5 votos a favor;

BNG: 2 votos a favor;

PSOE: ausencia (abstención).

En consecuencia,

Visto o informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para proceder á aprobación da modificación da Ordenanza fiscal número 4 reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.



Visto o informe de Intervención que consta no expediente.

Visto o proxecto de modificación da ordenanza fiscal número 4 reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que consta no expediente.

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, considérase oportuno e necesario a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Construcións, Instalacións e Obras, fundamentada esa modificación, en primeiro lugar, na necesidade de levar a cabo a adaptación do texto da ordenanza á nova regulación que supuxo a introdución do réxime de control ex post baseado nunha declaración responsable pola Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos; e en segundo lugar, para mellorar a progresividade do imposto aplicando un tipo impositivo máis elevado ás construcións, instalacións ou obras destinadas a xeración, produción e distribución de enerxía, de tal xeito que grávese a un tipo máis elevado, o máximo posible, ás que teñan unha base imponible superior aos 400.000,00 €, agás as destinadas a autoconsumo.

En virtude do exposto, o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade dos presentes, procede á adopción do seguinte

ACORDO



PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal número 4 reguladora do imposto de Construcións, Instalacións e Obras, nos termos en que figura no expediente coa redacción que de seguido se recolle, resaltando o novo texto modificado:

“ORDENANZA FISCAL NÚMERO 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polo artigos 133.2 y 144 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facetas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo), este Concello establece o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que se rexerá polo disposto no devandito Texto Refundido e pola presente Ordenanza fiscal

Artigo 2º.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licenza, a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da documentación a que se refire a actividade de control corresponda ao Concello de Outes.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire ó apartado anterior poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de toda clases de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.



d) Alineacións e rasantes.

e) Obras de fontanería e rede de sumidoiros.

f) Obras en cemiterios.

g) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra urbanística ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

3. Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo ó interesado.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

1.-Son suxeitos pasivos deste Imposto a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Os efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2.-Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os que soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios suxeitos pasivos contribuíntes.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 4º.- Exencións

Están exentas deste imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades ou as Entidades Locais que, estando suxeitas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión



cabo por Organismos Autónomos, tanto se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Artigo 5º.- Base imponible

1. A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

2. A base imponible determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) En función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente cando isto constituía un requisito preceptivo, quedando excluídos os gastos xerais e o beneficio industrial.

b) Cando non sexa preceptiva a presentación do proxecto visado polo Colexio Oficial, o custo de execución material determinarase polo servizo municipal de Urbanismo, atendendo igualmente ó custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, de acordo cos módulos os criterios de valoración establecidos na última base de datos da construción de Galicia.

Artigo 6º.- Tipo de gravame, cota tributaria e vindicación

1. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame seguinte:

A) Tipo xeral: 2%.

B) Construción de edificacións plurifamiliares, vivendas colectivas ou promocións que na solicitude de licenza c

dunha vivenda unifamiliar, ou construcións, instalacións ou obras con unha base imponible superior ós 200.000

C) Construcións, instalacións ou obras destinadas a xeración, produción e distribución de enerxía con unha base superior aos 400.000 €, agás as destinadas a autoconsumo: 4%.

2. A cota líquida do Imposto será, se é o caso, o resultado de aplicarlle á cota a bonificación que se establece n



desta Ordenanza.

3. A obriga de contribuír xorde ao comezar a construción, instalación ou obra nos casos en que comece sen ter obtido a licenza ou presentado declaración responsable ou comunicación previa que proceda.

4. Para os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contra, cando se conceda a preceptiva licenza municipal.

Artigo 7º.- Bonificacións

1. Establécese unha bonificación do 95 % a favor das construcións, instalacións ou obras que se declararen de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico—artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen aquela declaración a xuízo do Pleno da Corporación e co voto da maioría simple dos seus membros. O procedemento de declaración de especial interese ou utilidade municipal iniciase por instancia da persoa interesada á que lle achegará un informe ou memoria explicativa das circunstancias que a motivan.

2. A bonificación prevista neste artigo esixirá:

a) A petición da persoa interesada, que se presentará canda a solicitude da correspondente licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

b) Informe do servizo de Urbanismo.

Artigo 8º.- Normas de xestión.

1. Unha vez concedida a licenza ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa ou adoptado o aprobatorio ou autorización en relación coas construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento do plan de execución municipal e, en todo caso, a partires do momento no que se inicie a construción, instalación ou obra, cando non fora solicitada, concedida ou denegada aínda a devandita licenza ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, o Alcalde ou órgano en quen delegue practicará liquidación provisional do imposto.

No caso de que se modificara o proxecto inicial das construcións, instalacións ou obras e se modificara o orzamento, e se aceptada a modificación pola Administración Municipal, practicará a liquidación complementaria que corresponde a diferenza de orzamento inicial e o modificado.

2. O pago da liquidación provisional será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematada a obra.



construcións, instalacións ou obras.

3. Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación e informe do servizo municipal de Urbanismo, poderá modificar a base imponible a que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte.

4. No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule renuncia expresa á licenza ou caducara a licenza, ou formule renuncia expresa á comunicación previa ou declaración responsable presentadas ou estas caducaran.

Artigo 9º. - Inspección e recadación

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións para o seu desenvolvemento.

Artigo 10º. - Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a compoñen e desenvolven.

Disposición derradeira.

A presente Ordenanza, entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, pero en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”



SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no o *Boletín Oficial da Provincia*, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

6.- MOCIÓNS.

Expediente 777/2019. Procedemento Xenérico

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

- **DO PARTIDO POPULAR:**

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes e no seu nome a voceira do mesmo María Beatriz Molinos Vidal, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete á consideración do Pleno desta Corporación, para o seu debate e aprobación a seguinte



MOCIÓN:

Inclusión de diversas actuacións nos Plans Provinciais POS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O noso grupo non pode obviar nin esquecer as peticións que nos fan chegar os veciños, esta circunstancia, xunto co coñecemento que temos da situación das infraestruturas do noso Concello, lévannos a insistir na inclusión de diversas obras, en diferentes núcleos do Concello, nos Plans Provinciais POS.

No anterior Pleno Ordinario presentábamnos unha moción que incluía unha relación de obras que non chegou a ser aprobada. Os motivos principais do rexeitamento desas actuacións foron:

1) Por parte do BNG, a súa intención de non votar a favor ningunha obra que non conlevase unha actuación integral, pois ben, a relación que traemos a este pleno para a súa aprobación refírese unicamente a necesidade da actuación nese lugar, a parte técnica e a inclusión no proxecto das partidas necesarias e convenientes correspóndelle ao goberno, por suposto, asesorado polo equipo técnico redactor. Como os proxectos que se correspondan con esta relación teñen que ser aprobados en Pleno, ese sí será o momento de valorar a integridade das actuacións e aprobalas, rexeitalas ou en todo caso absterse.

2) O grupo de goberno xustificou o seu voto en contra decindo que a inclusión destas actuacións no próximo POS deixaría aos demais grupos sen marxe para propoñer outras obras, e aínda que seguimos pensando tal e como manifestamos naquel momento que as obras non son dos diversos grupos senon dos veciños e para os veciños, con respecto a isto non limitaremos a súa inclusión ao POS+2020 senon que a ampliaremos ao POS+2021 facendo un reparto aproximado do 50% entre cada un deles.

- Acondicionamento do camiño de Oroña a Couso.
- Pavimentación interior en Cabanamoura.
- Pavimentación da Praza de Valadares.
- Pavimentación do camiño do Miraxo en Lestaio.



- Pavimentación interior do núcleo de Viro.
- Pavimentación interior en Brión de Arriba (zona de abaixo da praza).
- Saneamento de Quintenla e Ousesende.
- Ensanche e acondicionamento do vial entre Pío e A Fonte e entubado do Camiño da Fonte en Cuns.
- Acondicionamento do camiño de Rodeiro a Lourido dende cruce de Fontemourente a Pedrolo.
- Acondicionamento da estrada de Lantarou ao Alto do Cruceiro.
- Acondicionamento da pista do Formigueiro de abaixo a Farrapa.
- Acondicionamento da pista de Villardigo a Fonte Carracido.
- Acondicionamento interior en Cando, da casa do Carabineiro ata a de Caetano.
- Estrada de Rodeiro a San Lourenzo e consolidación da ponte sobre o río Tins.
- Acondicionamento da Rua Doctor Esperante.
- Acondicionamento do camiño da Xeral a casa de Pallón en Cambeiro de Arriba.
- Acondicionamento dende a DP3404 en Lantarou a DP4502 pola ponte das Pesqueiras.
- Acondicionamento da pista de Ousesende a Dis polo Soutiño.
- Pavimentación dos interiores de Dis.
- Acondicionamento da estrada de San Lourenzo a Mastontán.
- Acondicionamento da rúa da Braña no Conchido.
- Acondicionamento dende o cruce de Quintenla ata a DP5604.
- Acondicionamento da rúa da Lagoa dende a AC-550 ata o paseo marítimo por diante do Astaleiro Amado no Freixo.
- Acondicionamento do camiño da Portela a Bugalleira en San Cosme.
- Saneamento de O Canle.
- Pavimentación dos interiores de Carleo de Arriba.
- Pavimentación dos interiores de Carleo de Abaixo.
- Pavimentación dos interiores de Moledo.
- Reconstrución do Parque Infantil de Pontenafonso.
- Pavimentación dos interiores do Catadoiro.
- Saneamento de Berres.
- Acondicionamento da antiga escola de Lestaio para uso veciñal.

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Que o goberno municipal inclúa estas actuacións nos POS+2020 e POS+2021, ou noutros plans financiados con recursos propios ou alleos, comprometéndose a



que as mesmas estean licitadas antes do 31/12/2021.

2.-Que polo menos 10 destas actuacións se inclúan no POS+2020.

3.-Que se realice a valoración económica de todas as actuacións antes do 31 de marzo do 2020.

DEBATE

Por parte do BNG, sinálase que segue a ser a súa posición que non van a aprobar ningunha obra que non sexa integral, polo que non van a votar a favor dunhas obras das que non se coñecen os proxectos concretos.

Sinala o Alcalde que tendo apostado polo diálogo, comprácelle o voto a favor da proposta modificada polo Partido Popular, inicialmente rexeitada anteriormente polo Pleno.

Por parte do PSOE, sinálase que seguen a estar de acordo coa proposta, pero igualmente pensan que hai que darlle un voto de confianza ó equipo de goberno e agardar polas súas propostas, polo que adianta a abstención.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 abstencións
- Grupo Mixto - PSOE: 1 abstención.

En consecuencia, a moción resulta aprobada.

- **DO BNG:**

1.- Local de ensaio.

Exposición de Motivos:

MOCIÓN



Dende o BNG consideramos vital o apoio ao desenvolvemento cultural do noso concello. Unha parte importante do desenvolvemento cultural non é apoiar aos talentos locais e dotalos de ferramentas para que poidan converterse en produtores de contidos culturais.

Neste sentido, tendo en conta o potencial creativo da nosa veciñanza, a xuventude en específico, creemos convinte o aproveitamento dalgún espazo de titularidade municipal para destinalo como sala de ensaio.

O concello dispón no seu haber de moitos edificios baleiros ou con habitacións en desuso. Quizáis un bó espazo para destinar a este uso sería algunha das aulas do CEIP Emilio Navasqués.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

-Que o goberno, logo de consensuar cos grupos da corporación, tome as medidas precisas para poñer en marcha unha sala de ensaio á libre disposición da veciñanza.

DEBATE

Tanto o PP como o PSOE coinciden na necesidade de darlle pulo ó desenvolvemento cultural do Concello e por parte do equipo de goberno, o concelleiro de cultura, o Sr. Ramos, coincide neste punto, polo que xa se acondicionaron dúas aulas do Colexio do Cruceiro e están dispostos a abrir unha delas a este tipo de grupos, se vén aínda teñen que concretarse certos puntos.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 voto a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor

En consecuencia, a moción resulta aprobada por unanimidade.



2.- Servizo de transporte municipal.

Exposición de Motivos:

MOCIÓN

O noso concello conta cunha dispersión notábel que se materializa nos seus 153 lugares espallados por case 100km². Este distanciamento da veciñanza cos servizos municipais e locais comerciais pode supoñer un grave problema para todas aquelas persoas que non dispoñen de carro para desprazarse a realizar as súas tarefas cotiás. Estas persoas que carecen de transporte privado, nomeadamente persoas con mobilidade reducida e de avanzada idade, rematan por depender doutros veciños que lles poidan facer un favor en achegalos ou dos buses escolares que tampouco son unha solución real ao problema.

Tendo en conta este problema existen moitas solucións e propostas que xa se levaron a porto noutros concellos mais o que si que nos queda claro é que o noso concello debe buscar a máis axeitada para as súas características. Nalgúns concellos optouse pola adquisición dun minibus e a contratación dun condutor que faga, cun plan semanal, rutas por parroquias e recolla (baixo demanda) á veciñanza nos seus lugares. Outra solución podería ser a procura dun acordo cos taxistas do concello para co-financiar, dalgunha maneira, viaxes compartidas.

Independentemente da solución que se acorde o que debe ser vital para levar este servizo adiante é conseguir un prezo moi reducido para os usuarios que, en moitos casos, poden ter ingresos moi reducidos.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

-Que o goberno local, logo de consensuar cos grupos da corporación, realice os tramites precisos para desenvolver un servizo de transporte municipal.

DEBATE

Por parte do Partido Popular coincide no complicado das comunicacións ó longo do Concello, polo que estarían de acordo coa



elaboración dun Plan de Transporte Municipal.

Por parte do PSOE apoian esa necesidade de medios de transporte alternativos para paliar as situacións dos núcleos illados, adiantando o voto a favor.

Pola súa banda, o Alcalde sinala a necesidade de acatar os problemas de mobilidade que hai no Concello, pero discrepan no acordo a adoptar, polo que propoñen emendar a moción, de xeito que o acordo a adoptar fose “Levar a cabo os trámites precisos para a elaboración dun Plan para mellorar e desenrolar a mobilidade interna do Concello”.

Prodúcese un receso para debatir os termos da emenda.

Retomada a sesión, decídese a seguinte redacción do acordo:

ACORDO EMENDADO

- Que o goberno local, logo de consensuar cos grupos da corporación, realice ou desenvolva un Plan de mobilidade interna que sirva para desenvolver un servizo de transporte municipal.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 voto a favor.

En consecuencia, a moción queda aprobada por unanimidade.

3.- Eólicos.

Exposición de Motivos:

MOCIÓN

No rexistro eólico de Galiza aparecen, dende hai case un ano, novos proxectos de parques eólicos para o noso concello en fase de tramitación. As empresas que se atopan detrás dos mesmos levan actuando todo este tempo con secretismo, maneiras, canda menos, pouco éticas e mantendo contacto de xeito individual só cos propietarios dos terreos afectados e non á veciñanza en conxunto.



Atopámonos, coa actual lei eólica, ante unha desprotección total de cara aos nosos concidadáns e que, escudándose nunha falsa riqueza que vai repercutir no rural, priman os intereses económicos das empresas sobre as persoas, a súa calidade de vida, recursos naturais e patrimonio. Ante este proceder, falta de información e desprotección, unha parte maioritaria da veciñanza afectada estáse a organizar en plataformas para tentar frear o avance destes proxectos.

Neste contexto, a corporación municipal non pode quedar de brazos cruzados sen facer nada. Debemos tomar partido, debemos contar coa voz e intereses reais e preocupacións da veciñanza, posicionarnos ao respecto e tomar acción en consecuencia.

Permitir que estes proxectos avancen, coa lexislación actual e o proceder “silencioso” das empresas conlevaría a unha situación nos lugares afectados inaceptábel e, nalgúns casos, poderíanse calificar como aberrantes. Uns dos principais problemas sería a compensación económica baixa (que entende só como afectados aos propietarios de terreos ocupados) e a proximidade ás vivendas. Debemos ter en conta que os afectados de ditos parques son todos os veciños que sofren tamén o impacto da súa actividade a diario. Este impacto non sería só visual se non que tamén comprendería un impacto sonoro mediano-forte ás 24 horas do día e que repercutiría á calidade de vida da veciñanza, ao valor das propiedades e incluso a explotacións gandeiras próximas ou outras actividades económicas, coma o turismo, que poden ser perxudicadas.

Ante esta situación debemos recalcar que non estaremos nunca en contra das enerxías renovábeis xa que son completamente necesarias. O que non podemos permitir é que se continúe a expoliar os nosos recursos, amparándose nunha lei inxusta, sen que repercutan positivamente na veciñanza e sen protexer os seus dereitos.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

1.-A corporación municipal de Outes, ao aprobar esta moción, toma posición contraria aos proxectos eólicos actuais no noso concello en base ao anteriormente exposto e comprométese a actuar en consecuencia.

2.-Que o concello proceda a facer un inventario e rexistro, previo á



licitación, de todos os bens patrimoniais, mananciais, así coma un estudo do impacto paisaxístico e acústico, na flora, na fauna e repercusión nos sinais de comunicación.

3.-Que unha asesoría xurídica elabore as alegacións pertinentes e en base ás demandas da veciñanza.

DEBATE

Toma a palabra a portavoz do grupo popular, para facer referencia a que o acordo tería que ser “que o goberno local se comprometa a tomar as pedidas oportunas e necesarias para que a eventual execución destes proxectos causen os menores prexuízos os veciños de Outes e a veciñanza saque o maior partido posible da implantación destes parques eólicos”. Entendendo que o sentido da moción do BNG é este, adianta o voto a favor da moción.

Desde o PSOE fan referencia a que este é un tema moi importante, e que os proxectos actuais dos eólicos non agradan ós veciños afectados, polo que se votará a favor da moción.

O Alcalde sinala que o grupo de goberno tamén está de acordo co espírito da moción, aínda que no Pleno extraordinario non se aceptase a urxencia, afirmando que a redacción actual dos proxectos non é asumible (distancia a casas, etc.). Ademais sinala que evidentemente están de acordo con algo que xa se está facendo, que é a asesoría xurídica. Fai a salvedade do segundo punto, en relación co inventario, que non o considera viable, por antieconómico e porque non sería necesario, polo que pide a súa retirada, para acadar o acordo unánime.

Intervén a voceira do BGN sinalando que o rexistro é crucial para a defensa dos veciños.

Desde o PP aclaran que a súa posición é en contra dos proxectos tal e como están na actualidade e desde o PSOE sinalan que se votará a favor con ou sen rexistro.

Finaliza o Alcalde recordando que rexistrar as augas crea moitas incertezas e ten moitas implicacións; e remarca a cuestión de que segundo o asesor xurídico contratado para a información dos veciños afirmou que non é necesario que as augas estean inventariadas para logo presentar alegacións. En calquera caso, adiantan a abstencións, en defensa dos intereses do Concello porque este acordo ten moitas implicacións futuras para el, pero están de acordo cos demais puntos.



Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 abstencións
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto – PSOE: 1 voto a favor.

En consecuencia, a moción queda aprobada.

7. ROGOS. POR ESCRITO.

- Do BNG:

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula os seguintes rogos:

- Cónstanos a existencia de placas que vulneran a lei de memoria histórica en igrexas do noso concello así como unha no edificio antigo do Colexio de Roo. Rogamos que se establezan comunicacións coa autoridade eclesiástica competente para proceder ao seu retirado nas igrexas e proceder, directamente, ao retirado da placa do colexio.

ROGOS ORAIS.

- Do PARTIDO POPULAR:

1.- Na estrada provincial DP6203, á altura da canteiriña, despois da variante, hai un socavón considerable que ameaza a seguridade dos usuarios, polo que roga se tomen as medidas oportunas para solvéntalo.

2.- Segundo a instrucción 2019, do 7 de xaneiro, os Concellos teñen a responsabilidade de limpeza dos cauces fluviais que transcorran por tramos urbanos, polo que se roga se leve a cabo dita limpeza.

3.- No Pleno ordinario do mes de setembro, rogouse que se procedese á limpeza das beirarrúas do Freixo, sobre todo na zona de Siavo e do varadero de Camposas, xa que estaban invadidas pola maleza en un estado lamentable. Posto que esto non foi



atendido, rógase de novo. E que fagan o mesmo no Cruceiro de Roo, na rúa que vai ata a igrexa.

- Do BNG:

1.- Respecto da sinalización colocada na ponte en Pontenafonso, seguen a circular vehículos pesados. Xa se comentou por este grupo que non consideraban que fose a opción correcta, polo que se roga que se poñan en contacto coa Xunta de Galicia para pórllle solución.

Sinala o Alcalde que esto xa se ten feito.

2.- En canto á sinalización viaria aprobada no Pleno anterior, solicítase que se cambie a denominación atendendo á toponimia manexada, se cambie a denominación de “Ceilán” por “Seilán”.

- Do Grupo Mixto-PSOE:

1.- Na baixada da casa da Rasca, en San Cosme, as baldosas botan porquería cando chove; polo que se roga ó equipo de gobernó que estuden o tema para pórllle solución.

2.- Por un espello no cruce do rego, baixando de Entíns cara Coiradas, xa que non hai visibilidade ningunha.

3.- Colocar un ou dous puntos de luz na entrada do lugar de Villariño, no Freixo, que tamén é un punto perigoso.

8. PREGUNTAS.

- Do Pleno anterior.

- DO PARTIDO POPULAR:

- A festa da Vitalla foi dende hai anos unha ocasión de encontro entre os veciños de Outes, na que se compartía unha agradable xornada de lecer, sendo moi apreciada e exitosa a súa celebración. Cal é o motivo de que non se celebre este ano a festa da Vitalla?

Contesta o concelleiro de cultura, José Manuel Ramos, que este ano se apostou pola Festa das familias, que en parte coincide coa Festa da Vitalla, pero abarca máis rango de idade e ten actividades paralelas moito máis completas que a Festa da Vitalla.



- O día 20 deste mes publicouse na páxina web do Concello o anuncio de selección do persoal para monitores de inverno, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 10 días naturais, polo que nos poñeríamos no día 1 de outubro, e no folleto das actividades de inverno aparecen diversos talleres que comezan o día 1, 5, na primeira semana de outubro... Como se van a dar esas clases que comezan en outubro se non dan os prazos para resolver o proceso de selección?

Contesta novamente o Sr. Ramos, que efectivamente se votaron os prazos encima, pero foi consecuencia de ampliar o prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles a 10 días naturais, pero a pesar de que algunha clase si se retrasou, a maioría comezaron no tempo previsto.

- DO PARTIDO SOCIALISTA:

- Pensa o goberno local manter as axudas ás Comisións de Festas parroquiais para subvencionalas de acordo cos gastos que se producen nas devanditas festas ou teñen pensado modificar algunhas?

Novamente o Sr. Ramos afirma que si, seguirán a darse e non se ten previsto polo momento ningunha modificación.

- Pódense saber as razóns polas que se cambiaron os contedores na Pontenafonso do Campo da Capela para Cora?

Toma a palabra D^a Alba Quintela, concelleira de medio ambiente, referindo que na primeira quincena de xuño se solicitou por veciños de Pontenafonso a retirada destes contedores, xa que non ten sentido que estivesen os contedores pegados a un elemento de patrimonio, e despois de valorar varias localizacións, esas estimáronse as máis correctas, uns foron para a Corga e outros para xunto dos que están diante do bar Suso.

- PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO.

- DO PARTIDO POPULAR:

1.- Varios veciños de San Cosme fixéronnos chegar o seu descontento por non poder utilizar para a realización das suas actividades habituais a planta baixa do Centro Social da súa parroquia.

¿Cal é o motivo polo que os veciños non poden facer uso completo das instalacións?

¿Canto vai durar esta situación?



Contesta o concelleiro de cultura que alí se está a levar a cabo a actividade do “Belén mariñeiro”, cun gran nivel de aceptación dos veciños de San Cosme, para darlle coñecemento ó mundo mariñeiro e ós barcos “sancosmeiros” que durante tempo cruzaron a ría ata Noia, e estará alí ata mediados do mes de xaneiro no que estará totalmente desmontado.

2.- O día 14 de agosto publicaron no facebook do concello que dese momento en diante os residuos procedentes da limpeza da Praia serían depositados nun contedor e retirados de forma periódica. A día de hoxe non vemos ningún contedor ó respecto.

¿Significa iso que dende o 14 de Agosto non se limpou a Praia?

No caso de que se limpara, ¿Onde se depositaron os restos?

Contesta novamente a concelleira de medio ambiente, dicindo que o 14 de agosto se tiña acordado a recollida mediante contedores cunha empresa autorizada para levar a cabo esta actividade, pero esta informou que non era viable xa que a maquinaria precisaba de soterrar o contedor para o depósito dos residuos dentro.

Desde o 14 si se limpou a Praia: os residuos compostos exclusivamente de materia orgánica foron levados a fincas particulares que os querían para abono, e o material non orgánico foi depositado no mesmo lugar que nos últimos anos.

3.- O último cuadro da “Operación Desbroce” que vemos publicado no Facebook do concello é o do mes de setembro.

¿Cal é o motivo polo que non se

¿Cantos tractores están operativos en traballos de desbroce neste momento?

Contesta D^a Alba Quintela que o mes de outubro foi complicado en relación coa organización do desbroce, debido a diversos motivos:

- O remate do contrato dun tractorista; a intención do equipo de goberno era a súa renovación, pero non foi posible porque era un contrato “por acumulación de tarefas” que non se pode renovar.



- Outro dos operarios que leva o tractor estivo desfrutando das súas vacacións desde o 30 de setembro e incorporouse aínda o luns.
- As pistas que se planificaban desbrozar en outubro eran as máis complicadas de estimar o seu tempo de traballo, por seren pistas de monte nas que podes atopar máis imprevistos.
- Doutra banda, a brigada de obras, quitando tractoristas e electricistas, conta só con 5 persoas, porque tamén se lle acabou o contrato a un grupo numeroso de xente contratado por medio dunha subvención da Deputación.
- O 1 de outubro, comenta que se fixo a reunión como cada mes para elaborar o plan de desbroza, cun dos tractoristas, que nesta ocasión foi un plan quincenal, e por medo a incumprir por iso non se publicou. Pero pode facilitárselles unha copia si o estiman necesario.
- Aclara que todos os desbroces se levaron a cabo excepto unha pista do Freixo que se fará no mes próximo.
- Finalmente fai referencia a que desde o día 16, pouco se traballou en materia de desbroce xa que o temporal deixou bastantes desperfectos e desperdicios, polo que o tractor se dedicou a apoio da brigada de obras e servizos nas labores de limpeza. Pero desde o luns, están traballando os dous tractores.

- DO BNG:

-No polideportivo municipal chove. Temos dous equipos federados aos que lles poden caer sancións por esta situación. Está o goberno disposto a asumir o custe das sancións tendo en conta que non se procedeu a arranxar esta problemática?

O concelleiro de deportes, o Sr. Daniel Rodríguez, contesta que dende o equipo de goberno se entende que cando o Concello cede unha instalación deportiva esta ten que estar nunhas condicións óptimas e, en caso de que non estea, a responsabilidade do Concello é asumir as consecuencias.

-Nos últimos dous plenos presentamos un rogo solicitando que o goberno actúase para retirar todos os enseres e o lixo depositado en fronte da EDAR. Por que non se fixo nada ao respecto?



A concelleira de medio ambiente sinala que a retirada deses enseres a vai a realizar a empresa que esta efectuando o servizo de recollida de voluminosos, se ben é certo que aínda non se fixo, pero traballárase para que iso se faga o antes posible.

- PREGUNTAS ORAIS, A CONTESTAR NO PRÓXIMO PLENO.

- DO PARTIDO POPULAR:

1.- Segundo dixo o Concelleiro de cultura, a planta baixa do centro social de San Cosme vai a estar ocupada até mediados de xaneiro, onde se van a celebrar as eleccións xerais do vindeiro 10 de novembro?

- DO PARTIDO SOCIALISTA:

1.- O grupo de goberno ten coñecemento de que se vai a poñer unha nova liña eléctrica que pasa por varias parroquias do noso Concello?

2.- Os rogos non están sendo ben atendidos, canto tempo estima o goberno necesario para levarlos a bo termo?

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES
Non hai asuntos

Remata a sesión ás 21:43 do que, como Secretaria, dou fe.



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=HHs8rgLJLDQ>

